



[www.oqueleo.com](http://www.oqueleo.com)

Título orixinal: THE OUTSIDERS

© 1967, S. E. Hinton

© Da tradución: 1989, Antón Palacio

© Desta edición:

2019, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-08-2

Depósito legal: M-1077-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: maio de 2019

Dirección da colección:

Ana M.<sup>a</sup> Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Fran Ameixeiras, Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Rosa Marín,

Julia Ortega e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,  
comunicación pública ou transformación desta obra  
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,  
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO  
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org))  
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.



# REBELDES

S. E. HINTON

oqueleq



*Para Jimmy*



Cando saín á brillante luz do sol desde a escuridade do cine, tiña soamente dúas cousas na cabeza: Paul Newman e volver á casa. Desexaba parecerme a Paul Newman —el ten pinta de duro e eu non—, aínda que imaxino que o meu propio aspecto non é demasiado desastroso. Teño o pelo castaño claro, case rubio, e ollos gris verdoso. Oxalá fosen máis grises, pois cáenme mal os tíos de ollos verdes, pero hei de me contentar cos que teño. Levo o pelo máis longo ca moitos outros rapaces, recto por atrás e longo pola fronte e polos lados, pero son un *greaser*, e polo barrio case ninguén se molesta en cortar o pelo. Ademais, quedame mellor o pelo longo.

Quedábame un bo treito ata a casa e ía sen compañía, pero polo xeral adoito facelo só, non por nada, senón porque as películas gústame velas sen que me molesten, para poder meterme nelas e vivilas cos actores. Cando vou con alguén ao cine resúltame un algo incómodo, igual ca cando alguén che le un libro por riba do ombro. Niso son diferente. É dicir, meu irmán máis vello, Soda, que ten dezaseis anos (para facer dezasete), non abre un libro na vida, e o máis vello dos tres, Darrell, ao que lle chama-

mos Darry, choia demasiado e demasiado duro como para se interesar por unha historia ou poñerse a facer un debuxo, así que non son coma eles, e na cuadrilla a ninguén lle gustan os libros e as películas tanto coma a min. Por algún tempo pensei que era a única persoa do mundo que o pasaba ben así. Así que ía só.

10 Soda polo menos procura entender, o cal é máis do que fai Darry. Pero é que Soda é distinto de todos; enténdeo todo, ou case. Por exemplo, nunca me roña, como fai Darry a todas as horas, nin me trata coma se tivese seis anos en vez de catorce. Quérolle a Soda máis do que nunca quixen a ninguén, papá e mamá incluídos. Sempre está encantado da vida e non para de sorrir, mentres que Darry é seco e severo e case nunca sorrí. Claro que Darry, aos vinte anos, xa pasou por case todo, medrou moi á présa. Sodapop non ha medrar nunca. Non sei qué é mellor. Heime informar un día destes.

En calquera caso, seguí camiñando cara á casa, pensando na peli e cunhas repentinas ganas de ter compañía. Os *greasers* non poden ir andando por aí moito tempo sen que se lles boten enriba, ou sen que alguén se achegue a eles e lles solte un «Greaser!», o cal tampouco é para quedar tan tranquilo. Os que nos asaltaban eran os *socs*. Non estou moi seguro de como se soletrea, pero é a abreviatura de *Socials*, a clase alta, os nenos ricos do West Side. É igual ca a palabra *greaser*, a que se usa para denominarnos aos rapaces do East Side.

Somos máis pobres ca os *socs* e ca a clase media. Seguramente tamén somos máis bestas. Non ao estilo dos



*socs*, que andan por aí asaltando *greasers* e estragando casas a patada limpa con botes de cervexa, e que lles dedican un artigo no xornal por seren unha vergonza pública un bo día, e unha débeda da sociedade ao día seguinte. Os *greasers* son un pouco coma os *hoods*; roubamos cousas e conducimos vellos coches trucados e atracamos gasoleneiras e armamos unha pelexa entre cuadrillas de cando en vez. Non é que eu faga cousas así. Mataríame Darry se me metese en problemas coa pasma. Desde que mamá e papá morreron nun accidente de coche, nós os tres aprendemos a estar unidos comportándonos debidamente. Así que Soda e mais eu mantémonos afastados do barullo todo o posible, e cando non é posible temos moito coidado de que non nos pille no medio. Quero dicir que moitos *greasers* fan cousas desas, igual que nós levamos o pelo longo e vestimos con vaqueiros e camisetas, ou deixamos por fóra a faldra da camisa e poñemos cazadoras de coiro e tenis ou botas. Non pretendo dicir que os *socs* ou os *greasers* sexan mellores ca outros, abofé; sinxelamente, así son as cousas.

11

Podería agardar para ir ao cine a que Darry ou Sodapop saísen do choio. Virían comigo ou levaríanme en coche, ou viríamos andando, aínda que Soda non pode estar quieto e sentado o tempo necesario para pasalo ben cunha película, e a Darry o cine mátao de aburrimiento. Darry opina que xa ten abondo coa súa vida sen fisgar na doutras persoas. Ou, onda non, podería traer un da cuadrilla, un dos catro rapaces cos que Darry, Soda e eu medramos xuntos e aos que consideramos familia. Estamos case tan unidos coma ir-

máns; cando creces nun barrio tan cerrado coma o noso, acabas por coñecer os outros verdadeiramente ben. Se se me ocorrese, chamaría a Darry, que viría recollerme, ou, se non, Two-Bit Matthew —un da cuadrilla— levaríame no seu coche se eu me lembrase de llo pedir, pero é que ás veces non uso a cabeza. Meu irmán Darry ponse enfermo cada vez que fago cousas así, pois por algo se supón que son un rapaz aleuto; paso os cursos con boas notas e teño un coeficiente intelectual elevado e todo iso, pero non uso a cabeza. Ademais, gústame camiñar.

Estaba a piques de decidir que tampouco me gusta tanto cando vin aquel Corvair vermello que me seguía os pasos. Estaba case a dous rueiros da casa, así que empecei a andar máis á présa. Nunca me asaltaran, pero vin a Johnny despois de que catro *socs* o collesen por banda, e, á verdade, non quedou alá moi ben que se diga. Despois daquilo a Johnny dáballe medo ata a súa sombra. Johnny tiña dezaseis anos.

Souben que non ía servir de nada —andar á présa, quero dicir— antes incluso de que o Corvair parase ao pé de min e baixasen del cinco *socs*. Asusteime bastante —son máis ben pequeno para ter catorce anos, inda que teño boa complexión, e aqueles tipos eran moito máis grandes ca min—. Automaticamente metín os polgares nos petos e distancieime coa cabeza baixa, preguntándome se daría saído daquela se polo menos intentaba liscar. Lembreime de Johnny —da súa cara toda cortada e magoada—, e lembreime de como chorou cando o atopamos, medio inconsciente, nun recanto do descampado.

Na súa casa, Johnny tívoo moi fodido; custoulles ferro e fariña facelo chorar.

Estaba suando moitísimo, inda que tiña frío. Sentín como se me ían humedecendo as Palmas das mans e como me chorreaba a transpiración polo lombo. Así é como me poño cando me asusto de verdade. Mirei arredor buscando unha botella ou un pau ou algo —Steve Randle, o mellor amigo de Soda, unha vez mantivo a raia a catro tíos cunha botella rota—, pero non había nada. Así que quedei onde estaba, quieto coma un cravo, mentres me rodeaban. Non uso a cabeza. Andaron ao meu arredor lentamente, silenciosamente, sorrindo.

—Eh!, *greaser* —dixo un con voz excesivamente amigable—. Ímosche facer un favor, *greaser*. Ímosche cortar todo ese pelo graxento.

Levaba unha camisa de algodón fino. Aínda a vexo. Azul. Un deles riu, e despois maldiciume en voz baixa. Non se me ocorría nada que dicir. Sinxelamente, non hai moitas cousas que dicir mentres agardas que te mallen, así que calei a boca.

—Non che fai falla un corte de pelo, *greaser*? —o roxo de mediana estatura sacou unha navalla e abriuna cun golpe seco.

Finalmente ocorréuseme dicir algo.

—Non.

Recuei para afastarme da navalla. Claro está que recuei ata caer xusto derriba dun deles. Derribáronme nun segundo. Atenazáronme os brazos e as pernas e un sentóuseme encima do peito, cos xeonllos sobre os meus cóba-

dos, e se che parece que iso non doe é que es parvo. Cheiraba a loción de afeitar English Leather e a tabaco rancio, e pregunteime con certa estupidez se non me ía asfixiar antes de que fixesen algo. Estaba tan asustado que case desexaba asfixiarme. Loitei por ceibarme, e durante un segundo estiven a piques; despois apertaron máis e o que tiña derriba de min soltoume un par de lapotes. Así que estiven quieto, insultándoos mentres alasaba. Tiña unha faca na gorxa.

14 —Daquela prefires que empecemos a cortarche o pelo xusto debaixo do papo?

Deume a impresión de que eran capaces de me matar. Púxenme tolo. Empecei a berrar, a chamar por Soda, por Darry, por calquera. Alguén me tapou a boca coa man e mordino con todas as miñas forzas; notei o sabor do sangue, que me corría por entre os dentes. Oín murmurar un xuramento e apañei outro par de golpes; despois metéronme un pano na boca.

—Que cale, polo que máis queiras, fai que cale —repetía un.

Despois oíronse berros e pisadas, e os *socs* pegaron un brinco e deixáronme alí tirado, alasando. Alí quedei, preguntándome que demos ocorría: a xente ía e viña, pasaba a empuxóns ao meu lado; estaba atordado de máis para sabelo. Despois, alguén me ergueu polas axilas e procurou poñerme en pé. Era Darry.

—Estás ben, Ponyboy?

Estábame acaneando; oxalá estea quieto, pensei. Xa estaba dabondo mareado. Aínda así, souben que era

Darry, en parte pola voz e en parte porque Darry sempre é un pouco bruto comigo, aínda sen querer.

—Estou ben. Para quedo, Darry, estou ben.

Parou ao momento.

—Síntoo.

En realidade non o sentía. Darry nunca se arrepiñe de nada do que fai. A min resúltame divertido que se pareza tanto a meu pai e que actúe sempre ao contrario ca el. Meu pai só tiña corenta anos cando morreu, pero aparentaba vinte e cinco e moita xente cría que papá e Darry eran irmáns en vez de pai e fillo. Pero só se parecían no físico; meu pai nunca foi bruto con ninguén, nin sequera sen querer.

15

Darry mide un noventa e tantos, é ancho de ombros e moi musculoso. Ten o pelo castaño escuro, cun remuíño na fronte e outro máis pequeno na caluga —igual ca papá—, pero ten os ollos distintos dos del. Son ollos coma dous anacos de xeo azul verdoso. Teñen un aire decidido, moi de seu, coma todo el. Aparenta máis de vinte anos... duro, tranquilo e listo. Sería verdadeiramente garrido se os seus ollos non fosen tan fríos. Non entende de nada que non sexan feitos sen volta de folla. Pero usa a cabeza.

Volvíñ sentarme, refregando a meixela na que máis me zorregaran.

Darry apertou os puños nos petos.

—Non te mancaron moito, verdade?

Si que me mancaran. Proíame e dábanme picadas e tiña o pelo dorido, e estaba tan nervioso que me tremían as mans e tiña ganas de me poñer a saloucar, pero esas non son cousas para contarllas a Darry.

—Estou ben.

Sodapop achegouse ás alancadas. Daquela xa me dera de conta de que todo aquel ruído que oíra eran os da cuadrilla, que viñan rescatarme. Deixouse caer ao meu lado e examinoume a cabeza.

—Levaches algún corte, eh, Ponyboy?

Sacou un pano, humedeceu a punta coa lingua e apertoumo con coidado sobre a tempa.

—Sangras coma un porco no matadoiro.

—Si?

—Mira! —amosoume o pano, rubio coma por arte de maxia—. Tiraron de faca?

Lembrei a voz: «Non che fai falla un bo corte de pelo, *greaser*?» A folla debeu de lle esvarar mentres intentaba facerme calar.

—Tiraron.

Soda é máis guapo ca ningún dos rapaces que coñezo. Non é coma Darry: Soda ten ese aire de estrela de cine que fai que a xente pare na rúa e dea a volta para velo pasar. Non é tan alto coma Darry, e é un pouco máis delgado, pero ten unha cara finamente debuxada, delicada, que dalgunha maneira se amaña para estar pensativa e temeraria ao mesmo tempo. Ten o pelo roxo escuro e peitéao cara atrás, longo, sedoso e liso, e no verán o sol aclárallo ata facelo parecer dourado coma o trigo. Ten os ollos escuros —ollos vivos, brincadeiros, temerariamente risoños, que nun instante saben ser amables e simpáticos e, ao seguinte, relampar de indignación—. Ten os ollos de meu pai, pero Soda é único. É capaz de se emborrachar

cunha carreira de *drags* ou a forza de bailar, sen cheirar o alcohol sequera. No barrio é difícil atopar un rapaz que non empine de cando en vez. Pero Soda non toma nin unha gota; non lle fai falla. Embebédase soamente con vivir. E entende a todo o mundo.

Observoume máis de cerca. Apartei a mirada a toda présa, pois, se queres que che diga a verdade, estaba a piques de empezar a saloucar. Sabía que estaba tan albo como me sentía, e que tremía coma unha vara verde.

Soda púxome a man no ombro.

17

—Tranquiliño, Ponyboy. Xa non che van facer máis dano.

—Ben sei —dixen, pero o chan desdebuxouse e sentín bágoas quentes que me caían polas meixelas. Refregueinas con impaciencia—. Só estou un pouco cagado de medo, máis nada —ceibe un suspiro trémulo e deixei de chorar.

Non podes botarte a chorar diante de Darry. Non, de non ser que levases unha malleira coma a que lle deron a Johnny aquel día que o atopamos no descampado. En comparanza con Johnny, a min non me fixeran nada.

Soda apaxoume o pelo.

—Es un rapazolo caralludo, Pony.

Tiven que sorrirle; Soda é capaz de facerte rir con calquera cousa. Penso que é porque sempre se sorri tanto a si mesmo.

—Estás tolo rematado, Soda.

Darry mirounos coma se tivese ganas de cascarnos unha cabeza contra a outra.

—Os dous estades coma cabras.

Soda non fixo máis ca alzar unha cella, un truco que aprendera de Two-Bit.

—Parece que é cousa de familia.

Darry quedou mirando para el fixamente durante un momento, e despois botouse a rir. Sodapop non lle ten medo coma os outros, e encántalle tomarlle o pelo. Eu preferiría rirme na cara dun oso gris de tamaño natural; pero, sexa como sexa, parece que a Darry lle fai graza que Soda lle tome o pelo.

18

A nosa cuadrilla perseguira aos socs ata o seu coche e acantazáraos. Volveron correndo onde estabamos —catro tíos duros e fracos—. Eran todos duros coma penedos, non había máis que velos. Eu medrara con eles, e eles aceptábanme malia ser eu máis novo, porque era o irmán pequeno de Darry e Soda, e sabía manter a boca pechada.

Steve Randle tiña dezasete anos; era alto e fraco, cun pelo mesto e graxento que levaba peiteado en complicados rizos. Era un tío chulo, agudo, e o mellor amigo de Soda desde que deixou a escola. A súa especialidade eran os coches. Era quen de quitar un tapacubos máis rápido e facendo menos ruído ca calquera outro do barrio, pero tamén coñecía os coches de arriba abaixo e por diante e por detrás, e era capaz de conducir calquera cousa con rodas. El e mais Soda traballaban na mesma gasoleira —Steve por horas e Soda todo o día—, que tiña, por certo, máis clientes ca calquera outra na cidade. Sería porque Steve era tan bo cos coches ou porque Soda atraía as mozas coma o mel as moscas, non cho sabería dicir. Gustábame Steve soamente por ser o mellor amigo de



Soda. Eu non lle chistaba nin un chisco; pensaba que era un canciño faldreiro e un cativo; Soda sempre me levaba canda eles cando ían por aí, sempre que non fosen con mozas, e iso a Steve amolábao. Non é culpa miña: Soda sempre me chama, non son eu quen llo pide. Soda non pensa que son un cativo.

Two-Bit Matthew era o máis vello da cuadrilla e o máis bromista de todos. Medía un noventa, máis ou menos, bastante robusto, e estaba moi orgulloso das súas patillas cor vermella oxidada. Tiña os ollos grises e un amplo sorriso, e non podía deixar de facer comentarios divertidos nin aínda que o matasen. Era imposible facelo calar; sempre se amañaba para meter as súas dúas paridas, de aí o alcume. Mesmo os profesores esquecían que o seu verdadeiro nome era Keith, e nós case non lembrabamos que algunha vez o tivese. A vida era unha enorme broma para Two-Bit. Era famoso pola súa habilidade para roubar nas tendas e pola súa faca de cachas negras (que non podería ter adquirida sen ese primeiro talento), e sempre andaba de esmorga e de carallada cos polis. En realidade non podía evitalo. Todo canto dicía era tan irresistiblemente divertido que por forza tiña que facer que a pasma se decatase, aínda que só fose para iluminar as súas aburridas vidas. (Así polo menos é como mo explicou). Gustábanlle as pelexas, as roxas, e, por algunha misteriosa razón, a escola. Con dezaoito anos seguía no instituto e nunca aprendera nada. A min gustábame moito porque nos facía rir de nós mesmos tanto coma doutras cousas. Recordábame a Will Rogers, quizais polo sorriso.

Se tivese que elixir o verdadeiro personaxe da cuadrilla escollería a Winston Dallas, Dally. Antes gustábame debuxar a súa estampa cando andaba cabreado, porque podía plasmar a súa personalidade cuns poucos trazos. Tiña cara de trasno, con pómulos moi saíntes e queixo fuxidío, dentes pequenos e afiados, coma de animal, e orellas coma as dun lince. De tan roxo, tiña o pelo case branco, e non lle gustaba cortalo, nin tampouco o fixador, de maneira que lle caía en guedellas pola fronte e en crenchas por atrás, e rizábaselle detrás das orellas e no cocote. Tiña ollos azuis, resplandecentes coma o xeo e fríos de aborrecemento polo mundo enteiro. Dally pasara tres anos na parte máis salvaxe de Nova York, e estivera no caldeiro á idade de dez anos. Era máis duro ca o resto de nós, máis duro, máis frío, máis mesquiño. A sombra de diferenza que distingue a un *greaser* dun *hood* non existía en Dally. Era tan besta coma os rapaces dos suburbios, coma a banda de Tim Shepard.

En Nova York, Dally desafogábase en pelexas na rúa, pero aquí as bandas organizadas son unha rareza; non hai máis ca grupiños de amigos que se xuntan, e a guerra faise entre clases sociais. Unha liorta, cando se arma de veras, adoita nacer dunha pelexa por rancor á que os contententes van con cadanseus amigos. Ben, si que hai por aquí algunhas bandas con nome, coma os Reis do río e os Tigres da rúa Tíber, pero aquí, no suroeste, non hai rivalidade entre bandas. Así que Dally, aínda que ás veces tiña a oportunidade de meterse en pelexas das boas, non tiña nada que odiar en especial. Ningunha banda rival.

Soamente os *socs*. E contra eles non se pode gañar, por moito que o intentes, porque son eles os que teñen todas as vantaxes ao seu favor. E nin sequera zurrarlles vai cambiar os feitos. Quizais por iso Dallas era tan amargo.

Tiña o que se di toda unha reputación. Tiñano fichado na comisaría. Arrestárano, emborrachábase, participaba nos rodeos, mentía, facía trampas, roubaba, atracaba borrachos, pegáballes aos cativos... de todo. Non me gustaba, pero era listo e había que respectalo.

Johnny Cade era o último e o pouquiña cousa. Se podes imaxinar un boneco escuro ao que mallaron demasiadas veces e que está perdido entre unha masa de estraños, velaí tes a Johnny. Era o o máis novo, á parte de min, e máis pequeno ca o resto, de complexión lixeira. Tiña grandes ollos negros nunha cara escura, bronceada; o pelo era negrísimo e levábao con moito fixador, peiteado cara a un lado, xa que o tiña tan longo que lle caía en guedellas pola fronte. Tiña unha mirada nerviosa, suspicaz, e a malleira que lle deron os *socs* non lle veu nada ben. Era a mascota da banda, o irmán pequeno de cada cal. Seu pai sempre estaba veña a pegarlle, e súa nai non lle facía nin caso agás cando estaba amolada por algo, e entón oíámola berregarlle con toda claridade desde a nosa casa. Creo que odiaba máis iso ca as malleiras. Se non estivésemos alí, tería fuxido da casa un millón de veces. De non ser pola cuadrilla, Johnny nunca coñecería o que son o amor e o afecto.

Sequei os ollos a toda présa.

—Pillástelos?

—Non. Esta vez liscaron, os moi... —Two-Bit seguiu alegremente, chamándolles aos *socs* todas as animaladas que se lle ocorrían ou que inventaba.

—Está ben o rapazolo?

—Estou ben —intentei pensar algo que dicir. Normalmente son bastante tranquilo coa xente. Cambieei de conversación—. Non sabía que xa te sacaran da gaiola, Dally.

—Boa conduta. Acabei axiña.

22

Dallas acendeu un pito e pasoullo a Johnny. Sentámonos todos a fumar e a relaxarnos. Un cigarro sempre diminúe a tensión. Eu deixara de tremer e recobrar a cor. O pito estábame calmando. Two-Bit levantou unha cella.

—Quédache ben esa magoadura, nacho.

Toquei a meixela con coidado.

—En serio?

Two-Bit asentiu sabiamente.

—Tamén che é bonito o corte. Dáche un aire duro.

*Duro* e *guai* son dúas palabras diferentes. *Duro* é o mesmo ca rudo; *guai* quere dicir tranqui, agudo, coma un Mustang guai ou un disco guai. No noso barrio, os dous son cumpridos.

Steve botou a cinsa cara a min.

—Que facías camiñando por aquí ti só? —había que deixar que o bo de Steve sacase a relucir o tema.

—Volvía á casa despois do cine. Non pensei que...

—Nunca pensas nada —púxose Darry—, nin na casa nin en ningunha parte onde faga falla. Tes que te poñer a

pensar xusto na escola, total para traeres boas notas; pasas o día co nariz metido nun libro, pero nunca na vida usas a cabeciña cando de verdade fai falla. Se é que non dás unha, nacho. E se non che quedaba máis remedio ca ires por aí ti só, deberías levar unha navalla.

Quedei mirando o burato que tiña na deda grande dos botíns. Darry e eu, pura a sinxelamente, non nos apreciabamos moito. Eu nunca fun capaz de comprace-lo. El roñárame igual por levar a navalla ca por non le-va-la. Se traía á casa notables, esixía sobresalientes, e se traía sobresalientes quería asegurarse de que ían durar. Se xogaba ao fútbol, debería estar estudando, e se lía, debería saír a xogar ao fútbol. Nunca lle roñou a Sodapop, nin sequera cando lataba, nin cando lle caían multas por exceso de velocidade. Soamente me roñaba a min.

Soda estábao mirando.

—Deixa en paz o meu irmán, ¿oes? Non é culpa súa que lle guste ir ao cine, nin tampouco que aos *socs* lles guste asaltarnos, e se chegase a levar navalla, esa sería unha boa escusa para cortáreno en cachiños.

Soda sempre dá a cara por min.

—Cando queira que o meu irmanciño me diga o que hei de facer co meu outro irmanciño —dixo Darry con impaciencia— xa che pedirei a túa opinión, irmanciño —pero deixoume en paz. Sempre o fai cando Soda llo di. Ou case sempre.

—A próxima vez, que vaia un de nós contigo, Ponyboy —dixo Two-Bit—. Calquera o fará encantado.

—Falando de pelis —Dally bocexou á vez que tiraba a cabicha—, mañá pola noite vou ir ao Nightly Double. Queredes vir algún, a ver como se dá a cousa?

Steve sacudiu a cabeza.

—Soda e mais eu imos recoller a Evie e a Sandy para irmos ver o partido.

Non lle facía falta ningunha mirarme como o fixo despois. Eu non lle ía preguntar se podía ir. Nunca llo digo a Soda, porque a el gustaralle moito Steve, pero eu ás veces non aguanto a ese Steve Randle. En serio. Ás veces ódioo.

24

Dally suspirou, tal como souben que faría. Nunca tiña tempo para nada.

—Mañá pola noite teño choio.

Dally mirounos ao resto.

—E vós? Two-Bit, Johnnycake, ¿non queredes vir ti e Ponyboy?

—Johnny e mais eu si —dixen; sabía que Johnny non ía abrir a boca a menos que o forzasen—. Vai, Darry?

—De acordo, xa que non tes clase —Darry era estu-  
pendo á hora de me deixar saír nas fins de semana. Pero  
entre semana case nunca podía saír da casa.

—Mañá polá noite pensaba agarrar unha chea —dixo  
Two-Bit—. Onda non, xa darei unha volta a ver se vos  
vexo.

Steve mirou a man de Dally. Volvía ter no dedo o anel  
que lle levantara a un vello borracho.

—Volviches romper con Sylvia?

—Si, desta vez vai en serio. Esa lurpia andaba facendo  
horas extra outra vez mentres eu estaba na gaiola.

Pensei en Sylvia, e en Evie, e en Sandy e nas moitas roxas de Two-Bit. Eran a única clase de mozas que se dignaban a mirarnos, pensei. Rapazas duras, escandalosas, que levaban pintura de máis nos ollos e que rían polo baixo e dicían palabras malsoantes. Gustábame Sandy tal cal, a moza de Soda, a pesar de todo. Tiña o pelo roxo natural, e o seu riso era natural, igual ca os seus ollos, azul porcelana. Non tiña unha verdadeira casa, e era da nosa clase, *greaser*, pero era unha rapaza verdadeiramente agradable. Con todo, infinidade de veces preguntábame como serían as outras rapazas. Esas rapazas de ollos brillantes e que levan vestidos dunha lonxitude decente e actúan coma se tivesen ganas de cuspirnos. Algunhas tiñan medo de nós, e ao me lembrar de Dallas Winston non llelo reprocho. Pero as máis delas mirábannos coma se fósemos sucios, mirábannos igual ca cando os *socs* viñan nos seus Mustangs ou nos seus Corvairs e nos berraban: «Graxa!» Intrigábanme, é dicir, as rapazas. Choraban cando arrestaban aos seus noivos, coma Evie cando meteron a Steve na gaiola, ou saían por pernas, como lle fixo Sylvia a Dallas? Claro que quizais aos seus mozos non os arrestasen, nin lles desen malleiras, nin se rebentasen nos rodeos.

Aínda seguía pensando niso mentres esa noite facía na casa os deberes. Tiña que ler *Grandes esperanzas* para a clase de Lingua, e ese rapazolo, Pip, facíame pensar en nós, por como se sentía marcado e sucio por non ser un cabaleiro, e por como o desprezaba aquela rapaza. Iso ocorrérame a min unha vez. Un día, en Bioloxía, tiña que disecar unha

lombriga, e a coitela non cortaba, así que utilicei a miña navalla. Xusto no momento en que a abrín —debín esquecer o que estaba facendo, pois doutro xeito non o faría— a rapaza que tiña ao lado pegou un berro e dixo: «Tes razón. Es un *hood*». Iso fixo que me subisen as cores. Naquela clase había unha morea de *socs* —sempre me poñen nos grupos «A» porque se supón que son intelixente— e á maior parte aquilo pareceulle moi divertido. A min non, desde logo. Era unha rapaza ben guapa. Estaba preciosa, toda de amarelo.

26

Gañamos a pulso boa parte dos nosos problemas, pensei. Dallas merece todo o que lle cae encima, e podería ser aínda moito peor, se queres que che diga a verdade. E Two-Bit, en realidade, nin quere nin precisa a metade das cousas que manga. Sinxelamente, parécelle moi divertido reparar todo o que estea ben vixiado. Entendo ben por que Sodapop e Steve se meten tan a fondo nas carreiras de *drags* e en pelexas: os dous teñen enerxía de máis, demasiada marcha, e ningún medio de desafogo.

—Máis forte, Soda —oínlle murmurar a Darry—; se non, vou adormecer.

Mirei pola porta. Soda estáballe dando unha masaxe no lombo. Darry sempre anda levantando pesos e todo iso; repara tellados e sempre proba a subir a un tempo dous montóns de tellas pola escada. Souben que Soda o ía adormecer, pois Soda é capaz de facer adormecer a calquera soamente con que se propoña facelo. Cría que Darry traballaba demasiado duro. Eu tamén.

Darry non merecía traballar coma un vello cando non tiña máis ca vinte anos. Fora un tío moi famoso na esco-



la; foi capitán do equipo de fútbol e elixírono Mozo do Ano. Pero, para dicir verdade, non tiñamos cartos para que fose á Universidade, nin sequera coa bolsa deportiva que gañou. E agora, entre un choio e outro, non tiña tempo para pensar nos seus estudos. Así que nunca ía a ningures, excepto a exercitarse nos ximnasios e a esquiar de cando en vez cos vellos amigos de entón.

Refreguei a meixela, que se me puxera morada. Mirárame no espello; abofé que me daba un aire duro. Pero Darry fixo que me puxese un esparadrapo no corte.

27

Lembrei o terrible aspecto que tiña Johnny cando lle deron a malleira. Eu tiña o mesmo dereito a camiñar polas rúas ca os *socs*, e Johnny nunca lle fixera dano a ningún. Por que nos odiaban tanto os *socs*? Nós non lles faciamos nin caso. A piques estiven de quedar durmido encima dos deberes intentando comprendelo.

Sodapop, que daquela xa se metera na cama, berroume que apagase a luz e que fixese coma el. Tan pronto rematei o capítulo en que estaba, fíxenlle caso.

Deitado a carón de Soda, mirando fixamente a parede, lembrei as caras dos *socs* ao acurralárenme, a camisa de algodón fino que levaba o roxo, e aínda oín unha voz espesa: «Non che fai falla un corte de pelo, *greaser*?». Estremecín.

—Tes frío, Ponyboy?

—Unha miga —mentín. Soda botoume o brazo polo pescozo. Murmurou algo con voz amodorrada.

—Oe, rapazolo, cando Darry che bota unha reprimenda non quere dicir nada. É que ten máis preocupacións das

que debería ter á súa idade. Non o collas tan pola tremenda... entendes, Pony? Non deixes que iso te afunda. El está orgulloso de ti porque tes tanta chenchá. É só porque es o cerraportelos, quero dicir, quérete moito. Entendido?

—Claro —dixen, procurando que non houbera na miña voz un resto de sarcasmo—. Soda?

—Mmmmm?

—Como é que deixaches o instituto? —nunca o dei entendido. A duras penas me fun facendo á idea cando deixou de ir ás clases.

—Porque che son parvo. Só aprobaba mecánica e ximnasia.

—Ti non es parvo.

—Son, si que o son. Cala e direiche algo. Pero non llo vaias dicir a Darry.

—De acordo.

—Creo que vou casar con Sandy. En canto ela remate a escola e eu consiga un traballo mellor e todo iso. Igual agardo tamén a que acabes ti. Así poderei botarlle unha man a Darry coas facturas e todo o demais.

—Ben! Espera a que eu acabe, así poderás quitarme a Darry de encima.

—Deixa de dicir parvadas, tío. Díxenche que a metade das rosmadas non van en serio.

—Estás namorado de Sandy? Como se sente un?

—Hhhmmm! —suspirou de felicidade—. Marabilloso.

Un momento despois a súa respiración fíxose lixeira e regular. Volvín a cabeza para miralo, e á luz da lúa semellaba un deus grego vido á Terra. Pregunteime como leva-

ría iso de ser tan baril. Despois suspirei. Non entendera de todo o que quixo dicir sobre Darry. Darry sinxelamente pensaba que eu era unha boca máis que alimentar e alguén a quen soltar rosmadas sen motivo ou con el. Que Darry me quería? Pensei nos seus ollos duros, pálidos. Polo menos aquela vez Soda equivocábase. Darry non quere a nada nin a ninguén, agás a Soda quizais. Eu mesmo apenas o tiña por humano. Non me interesa, mentinme, a min el tampouco me importa. Abóndame con Soda, e vouno ter polo menos deica que acabe a escola. Darry non me interesa. Pero seguía mentindo, e sabíao. Engánome a min mesmo todo o tempo. Pero nunca o creo.